CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas audiovisuais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Elabora debuxa e colorea unha escena de baile con traxes típicos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas audiovisuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final, planificado e asumindo diferentes roles desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participa de xeito positivo amosando interese na visita virtual a un museo ou exposición.		
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas.	Procura imaxes dixitais na Internet, seleccionando, copiando e pegando ditas imaxes noutro documento.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas audiovisuais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Debuxa, completa e colorea co ordenador e a pantalla dixital obras de artistas.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora o uso das TIC para documentarse. Valora e respecta os diferentes tipos de culturas e propostas artísticas. Valora e respecta a estética das obras representadas e realizadas a través do ordenador.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de recepción activa. - Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias básicas de lectura e interpretación. - Principais profesións vinculadas cos ámbitos artísticos plástico e visual. - Elementos configurativos básicos da linguaxe visual e as súas posibilidades expresivas: punto; liña grosa, fina, continua e descontinua; plano; textura; cor. - Iniciación no ensino técnico do debuxo. Posibilidades expresivas. - Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de uso común utilizados na expresión plástica e visual. - Vocabulario específico de uso común nas artes plásticas e visuais. - Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. - Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero. - Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Historias audiovisuais sinxelas: composición, de maneira individual e grupal, con intención comunicativa e expresiva, para ser recreadas e narradas. - Mensaxes audiovisuais elementais: experimentación e difusión. - Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación.

Contidos

- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.

UD	Título da UD	Duración
6	CINE	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Identifica a posición dos elementos plásticos tendo en conta as técnicas espaciais. Aproxímase á lectura dunha imaxe identificando os elementos fundamentais. Recoñece a simboloxía das cores frías e cálidas aplicando ditos coñecementos nas súas composicións.	TI	100
CA1.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, explorándoas con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación plástica e visual, empregando o vocabulario específico básico destas.	Coñece, lembra e describe os datos máis relevantes da vida e obra de artistas coñecidos.		
CA1.3 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Selecciona obras de artistas coñecidos.		
CA1.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Identifica os conceptos de horizontalidade e verticalidade e emprégaos nas súas composicións. Recoñece as imaxes fixas e en movemento no seu entorno. Identifica, analiza e compara as texturas naturais, artificiais, visuais e táctiles.		
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Respecta as producións propias e alleas. Valora as obras de arte nas súas diversas manifestacións. Respecta e valora os diferentes tipos de expresión plástica.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Continúa series con motivos xeométricos no ordenador. Realiza composicións empregando formas xeométricas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas audiovisuais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Elabora debuxa e colorea unha escena de baile con traxes típicos.		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas audiovisuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final, planificado e asumindo diferentes roles desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participa de xeito positivo amosando interese na visita virtual a un museo ou exposición.		
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas.	Procura imaxes dixitais na Internet, seleccionando, copiando e pegando ditas imaxes noutro documento.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas audiovisuais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Debuxa, completa e colorea co ordenador e a pantalla dixital obras de artistas.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora o uso das TIC para documentarse. Valora e respecta os diferentes tipos de culturas e propostas artísticas. Valora e respecta a estética das obras representadas e realizadas a través do ordenador.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de recepción activa. - Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias básicas de lectura e interpretación. - Principais profesións vinculadas cos ámbitos artísticos plástico e visual. - Elementos configurativos básicos da linguaxe visual e as súas posibilidades expresivas: punto; liña grosa, fina, continua e descontinua; plano; textura; cor. - Iniciación no ensino técnico do debuxo. Posibilidades expresivas. - Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de uso común utilizados na expresión plástica e visual. - Vocabulario específico de uso común nas artes plásticas e visuais. - Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. - Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero. - Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Historias audiovisuais sinxelas: composición, de maneira individual e grupal, con intención comunicativa e expresiva, para ser recreadas e narradas.

Contidos

- Mensaxes audiovisuais elementais: experimentación e difusión.
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Preténdese que a metodoloxía sexa activa e participativa buscando a propia implicación do alumnado no proceso de ensinanza e no proceso de aprendizaxe.

Pátese do observable e das informacións previas e iniciais para chegar ao coñecemento e así poder conseguir os obxectivos dun modo natural e ameno.

Traballarase na aula o programa do curso mediante os libros de texto e o caderno de actividades con actividades configuradas para días especiais.

As actividades estarán deseñadas e presentadas para realizar en pequenos grupos, en gran grupo y de maneira individual.

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento dos alumnos e estes adquiren un maior grao de protagonismo.

En concreto na educación visual e plástica:

Ao igual que acontece con outras linguaxes, o ser humano utiliza tanto a linguaxe plástica coma a visual para comunicarse co resto de seres; neste caso, incidimos na educación como ferramenta para poder expresar as vivencias, os sentimentos, todo aquilo que acontece dentro dun mesmo coa oportunidade de poder contalo a outros.

Dende esta perspectiva, entender, coñecer e investigar, desde idades temperás, os fundamentos da devandita linguaxe van permitir ao alumnado o desenvolvemento da atención, a percepción, a intelixencia, a memoria, a imaxinación e a creatividade. Ademais, o coñecemento sinxelo desta área facilitará o disfrute do patrimonio cultural e artístico, ao valorar e respectar as achegas que se foron engadindo.

Debemos de ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais, polo que haberá que poñer en xogo diferentes habilidades para que o propio alumno coñeza onde residen as súas fortalezas.

Cada unha das fortalezas individuais do alumnado axudaranos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas a realizar estarán pensadas desde a teoría das intelixencias múltiples como posibilidade para que todo o alumnado chegue a adquirir todos aqueles aspectos que necesitan para poder desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Nesta área, os alumnos poderán desenvolver diferentes habilidades podendo á vez comprobar a capacidade expresiva e creativa desde o coñecemento e a práctica.

Todo isto debémolo facer desde unha perspectiva interdisciplinar, creativa, activa e socializadora.

O profesorado favorecerá o traballo en grupo colaborador de forma que o alumnado recoñeza o seu propio papel e o dos demais compoñentes do grupo como fonte importante de coñecemento, de forma que todos, nenos e nenas, gocen do proceso de creación tanto ou máis que da obra final empregando tamén o xogo.

Os contidos na educación visual e plástica están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a un contexto real; será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción e aplícalo a proxectos reais próximos ao alumnado.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

Caderno de traballo do alumno Arts and Crafts 3 Primary SM.

Plataforma dixital de SM na que poden traballar a materia dende o seu fogar.
Aula virtual escolar, na cal poderán ter acceso a contidos da materia.
Material individual de debuxo: compás, regra, escuadra, cartabón, transportador de ángulos, tesoiras...
Materiais funxibles: rotuladores, lapis de cores...

-Contando o centro con internet e pantalla dixital nas aulas e con un aula de informática, as tecnoloxías da información e comunicación preséntanse como unha ferramenta facilitadora para o profesorado á vez que motivadora para o alumnado que recibe os contidos de forma máis variada.

-Incorporaranse ás aulas recunchos onde estean á vista libros, revistas, murais... recursos, en xeral, cos que axudar a construír as súas aprendizaxes. Isto, á súa vez, permite ambientar a clase e integrar aínda máis a lingua estranxeira ao día a día do grupo.

-Teranse en conta aqueles recursos xerais que favorezan os distintos estilos de aprendizaxe.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase a comezos do curso partindo dos criterios de avaliación do curso anterior. Deberemos ter en conta os informes se é o caso e resultados do curso pasado.

Como instrumentos de avaliación realizarase:

-Unha proba escrita con exercicios básicos correspondentes ao nivel que queremos avaliar.

-Una proba práctica para determinar as destrezas individuais dos alumnos.

-Ao inicio de cada unidade didáctica poderase realizarse unha avaliación de contidos previos necesarios para o seguimento adecuado da unidade.

As medidas a adoptar dependerán pois dos resultados desta avaliación inicial e tendo en conta, como xa dixemos, os resultados e informes do curso pasado.

No caso de alumnado procedente doutros centros nos que non cursase ensinanzas plurilingües, realizarase por parte do profesorado unha avaliación previa que determine o nivel de competencia inicial do neno/a, tras a cal determinarase a adecuación necesaria de obxectivos/contidos/actividades de reforzo/criterios de avaliación necesarios para cursar as ensinanzas exitosamente.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	17	17	17	17	16	16	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

En cada avaliación:

PROBAS ESCRITAS e/ou ORAIS = 50%

- Daremos este peso dentro da cualificación global de cada materia ao rendemento específico demostrado polos alumnos e evidenciado a través de diferentes probas de rendemento (tanto escritas como orais) realizadas para comprobar tanto o nivel de coñecementos adquiridos como a capacidade de xeneralización de ditos aprendizaxes.

-Preguntas directas sobre o que se está traballando.

TRABALLO DIARIO NO COLEXIO E NA CASA - ESFORZO = 35%

- Observación de traballos nos cadernos, libros e forma de traballar.
- Realización correcta dos traballos.
- Organización e boa presentación das tarefas.
- Estudio diario e realización diaria das actividades individuais tanto aula como na casa.
- Regularidade e constancia no traballo diario.

ACTITUDE, COMPORAMENTO E CUMPRIMENTO DE NORMAS = 15%

-Non podemos esquecer que a actitude positiva cara a aprendizaxe favorece a adquisición de coñecementos. É por isto polo que aos alumnos teráselle en conta o interese mostrado en cada materia, a atención, a escoita activa e o respecto mostrado cara os diferentes elementos (persoais e materiais) que constitúen o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

-Cumprimento de normas e comportamento axeitado.

Para as avaliacións durante o curso iremos facendo rexistro de:

- Intervencións orais tipo resposta
- Observación directa do alumno/a nas actividades realizadas na aula
- Probas específicas
- Valoración de actitudes na clase.

-Colaboración á hora de coller e gardar o material preciso para utilizar nas actividades

-Respecta e escoita as intervencións dos compañeiros/as e as quendas á hora de participar en actividades

-Interese, participación, esforzo, colaboración e comportamento.

A avaliación será globalizada e continua; primarase o traballo diario na aula e a implicación e esforzo do alumnado. O profesorado terá en conta os logros persoais que observe na aula e poderá realizar algunhas probas obxectivas para ratificar os niveis de competencia alcanzados polo alumnado en cada bloque temático.

Na materia de educación plástica e visual a avaliación será continua sobor do traballo diario na clase: bloc e actividades para días especiais.

Criterios de recuperación:

Na materia de Arts & Crafts traballamos os distintos bloques ao longo de todo o curso. Imos aumentando a aprendizaxe nova e desfrutando da xa adquirida. Partindo dunha avaliación inicial traballaranse aqueles contidos e actividades que puideran estar menos afianzadas. Os alumnos terán a oportunidade de poder recuperar as partes de materia ou a materia enteira que non superaron con éxito, para tal cometido o mestre facilitaralle una serie de actividades e tarefas a realizar que lles axudarán a superar satisfactoriamente a parte suspensa sempre repectando os criterios de cualificación xa expostos.

6. Medidas de atención á diversidade

Educación na diversidade supón unha escola para todos, na que todos teñan cabida coas súas características individuais. Unha escola, na que se lle ofrezca a cada un, aquilo que mellor lle axude a desenvolver a súa máxima potencialidade, partindo do que é.

Para atender a este alumnado diverso temos que axustar a resposta educativa a cada alumno, de xeito que cubramos as necesidades individuais do conxunto global do alumnado. A atención á diversidade rexeráse polos principios de normalización e inclusión; equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación; flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción da convivencia.

Para orientar a nosa labor na atención á diversidade teremos en conta:

- A necesidade dun coñecemento profundo do noso alumnado.
- A adaptación da programación en función dos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe.
- Empregar métodos didácticos que promovan a experiencia directa e a reflexión por parte do alumnado.
- Utilización de diferentes canles e recursos na aula.
- En casos de alumnado con NEE, un traballo coordinado cos distintos profesionais.

As medidas de atención á diversidade son actuacións complementarias a favor da igualdade de oportunidades, no presente caso que faciliten o acceso e gozo a unha actividade artística. Para este apartado débense ter en conta as características persoais, físicas e afectivas que se puidesen dar dentro da aula.

De calquera maneira, é imposible recoller toda a variedade de situacións e necesidades que puidesen surxir. En xeral, daranse algunhas indicacións básicas para que todo o alumnado poida participar no maior número de actividades posibles.

O obxectivo é que todos os escolares que realicen calquera actividade participen dun modo activo. Moitas veces non

sabemos como implicar ao alumnado con diversidade funcional (alumnado que presenta dificultades visuais, auditivas, motrices, intelectuais) na dinámica da aula.

Daranse algunhas pautas xenéricas:

-Para persoas con problemas motrices pódese traballar apoiados en pulsadores de todo tipo a través do ordenador e dos diferentes periféricos para que en actividades nas que os poidamos implicar poidan ser partícipes e sentirse integrados no grupo.

-Para persoas con dificultades visuais podemos apoiarnos no encerado dixital ou nas teclas de accesibilidade que ten o ordenador, ademais de ampliar o tamaño dos debuxos e textos ou simplemente cambiando a tonalidade de cor ou de contraste dos materiais presentados dependendo de cada caso concreto.

-Para persoas con problemas auditivos ou restos de audición, podemos emplear un pequeno aparato que conectado ao ordenador amplifica o son, o que permite percibilo a través de vibracións ou por vía ósea (aparatos tipo Sonar Speaker)

Hoxe en día a tecnoloxía avanza moi rápido e existen multitude de aparatos e aplicacións nos dispositivos móbiles e tabletas as cales podemos utilizar para todas as dificultades que se nos presenten, a hora de preparar unha clase ou calquera tipo actividade, en canto aos problemas auditivos e visuais.

É aconsellable realizar un cuestionario previo para poder abordar todas as necesidades que poidan surxir.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - EDUCACIÓN EN VALORES	X	X	X	X	X	X
ET.2 - CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR	X	X	X	X	X	X
ET.3 - PLAN TIC	X	X	X	X	X	X
ET.4 - ACCIÓNS E CONTRIBUCIÓNS AO PLAN DE CONVIVENCIA	X	X	X	X	X	X
ET.5 - ACCIÓNS E CONTRIBUCIÓNS AO PROXECTO LINGÜÍSTICO	X	X	X	X	X	X

Observacións:

EDUCACIÓN EN VALORES

En cada unidade e aproveitando as celebracións e conmemoracións durante o curso escolar proporanse unha serie de actividades cooperativas e grupais para traballar e fomentar a: responsabilidade, xenerosidade, compromiso, tolerancia, humildade, gratitude e honestidade.

CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR

Actividades relacionadas coa lectura e o uso da biblioteca do centro dentro do plan lector: lecturas sobre arte, historia da arte, publicidade, cadernos de actividades artísticas...

PLAN TIC

Dentro do Plan Tic do centro recóllense unha serie de obxectivos que se traballaran dende todas as áreas.

ACCIÓNS E CONTRIBUCIÓNS AO PLAN DE CONVIVENCIA

Estas actividades complementarias estarán dentro das actuacións e medidas para favorecer e garantir a convivencia, como por exemplo nas saídas do centro.

ACCIÓNS E CONTRIBUCIÓNS AO PROXECTO LINGÜÍSTICO

A materia de Educación plástica e visual está incluída no plurilingüístico, neste caso en lingua inglesa.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
HALLOWEEN	Decoración e manualidades	X		
NADAL	Decoración e manualidades	X		
DÍA DA PAZ	Decoración e manualidades		X	
ENTROIDO	Decoración, manualidades, disfraces e desfile de entroido		X	
DÍA DA FAMILIA	Manualidades			X
FESTIVAL DE FIN DE CURSO.	Decoración			X
ASISTENCIA A EXPOSICIÓNS DE ARTE E VISITAS CULTURAIAS.	Asistencia a exposicións de arte e visitas culturais fora do centro escolar	X	X	X

Observacións:

As actividades complementarias realizaranse:

- Dentro da escola: en Halloween, no Nadal, polo Día da Paz, no Entroido, no día da Familia e para o festival de fin de curso.
- Fora da escola: asistencia a exposicións de arte e visitas culturais.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Avaliación positiva nos indicadores de avaliación da programación: táboa de indicadores da programación
Superación da materia por parte do 80% do alumnado: actas de avaliación
Metodoloxía empregada
Grado de satisfacción coa propia práctica docente: diario de aula
Clima de traballo na aula
Grado de satisfacción do alumnado: enquisa para o alumnado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Grado de satisfacción das familias: entrevistas coas familias
Coordinación co equipo docente: actas das sesións de coordinación

Descrición:

En xeral, avaliaremos a nosa práctica docente e o proceso de ensinanza, para realizar as modificacións necesarias, empregando unha serie de indicadores de logro e especificando o instrumento de avaliación utilizado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación da práctica docente e da propia programación permítenos recoller de xeito sistemático información relevante, co obxectivo de reaxustar a intervención educativa de acordo coas aprendizaxes reais do alumnado.

A continuación establécense algúns CRITERIOS DE AVALIACIÓN que poderían ser de utilidade á hora de avaliar a práctica docente:

RELACIÓN ENTRE OS AXENTES EDUCATIVOS

- As canles establecidas para a comunicación e coordinación coas familias son adecuadas e suficientes.
- Estase a conseguir unha implicación sistemática das familias na vida escolar.
- Aprovéitanse os recursos que ofrece o contorno, dando lugar a unha verdadeira corresponsabilización educativa.
- O equipo docente traballa de forma coordinada para lograr a unidade de criterios e a coherencia no proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- A escola e as persoas que nela traballan participan activamente no proceso educativo.

AMBIENTE DE APRENDIZAXE

- A distribución do espazo crea un ambiente cómodo e seguro.
- A biblioteca de aula conta con material diverso e ben organizado.
- O material empregado é variado e adáptase ao alumnado.
- A organización do tempo adecúase ás tarefas propostas.

RELACIÓN GRUPO CLASE- PROFESORADO

- A miña relación co grupo clase é cálida e de confianza.
- A miña actuación favorece que os nenos e nenas expresen as súas opinións.
- A miña intervención estimula a creatividade e evita estereotipos.
- As situacións de aprendizaxe creadas serven para que nenos e nenas adquiran aprendizaxes significativas e poidan levalas á práctica.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

- A programación está aberta aos cambios e é receptiva a innovacións.
- Os obxectivos propostos adáptanse ás características do alumnado.
- Os contidos seleccionados trabállanse de forma significativa para as nenas e nenos.
- As actividades propostas son do interese dos nenos e nenas e favorecen a súa participación activa.
- A proposta metodolóxica axuda ao desenvolvemento das competencias.
- Os distintos agrupamentos utilizados permiten a variedade de interaccións.
- A avaliación recolle a evolución no proceso de aprendizaxe do alumnado.
- As técnicas e fontes utilizadas para a avaliación son adecuadas e suficientes.
- A diversidade é valorada como un elemento positivo e enriquecedor.
- As estratexias para dar resposta aos casos de Necesidades Específicas de Apoio Educativo son eficaces.

O profesorado revisará os métodos a implementar en cada sesión e unidade didáctica ou proxecto, para axustalos ás necesidades temporais ou permanentes do alumnado, gustos, preferencias e estilos de aprendizaxe de cada neno/a.

Á súa vez, teranse en conta os resultados obtidos e o nivel de implicación que se consegue por parte do alumnado; un alto nivel de atención e implicación levará a reforzar as técnicas e materiais utilizados; pola contra, se a atención e implicación é baixa implicará unha revisión das actuacións levadas a cabo.

A aplicación práctica da programación didáctica esixe una reflexión e avaliación sistemática dos elementos que a compoñen.

Podemos identificar diferentes ELEMENTOS AVALIABLES partindo do proceso de ensinanza aprendizaxe:

AVALIACIÓN DOS OBXECTIVOS:

- Se se adaptan ao currículo.
- Se se adecúan aos obxectivos xerais de cada curso.
- Se se adaptan aos coñecementos e capacidades reais dos alumnos para o éxito do proceso de aprendizaxe. (procederase a valorar a consecución dos obxectivos de forma que se poidan ir corrixindo ou readaptando algúns dos aspectos que poidan resultar mellorables)

AVALIACIÓN DOS CONTIDOS:

- Se se adaptan ao currículo.

-Se concretan os obxectivos propostos.

-Se amosan una lóxica interna.

AVALIACIÓN DO CONXUNTO DA EXPERIENCIA EDUCATIVA:

-Se permite o tratamento de diferentes dimensións do contido para acadar os obxectivos propostos.

-Se permite unha adaptación para a atención a diversidade en función as propostas e ideas dos alumnos.

-Se ten en conta o proceso de auto avaliación e auto aprendizaxe do alumno.

AVALIACIÓN DOS RECURSO DIDÁCTICOS:

-Se apoian a interacción entre o alumnado e entre profesorado alumando.

-Se utilizan recursos habituais da vida cotiá non feitos con fins didácticos.

-Se son útiles para o desenvolvemento dos contidos e o alcance dos obxectivos.

-Se permiten a exercitación de diferentes formas de expresión.

-Se estimulan as diferentes formas receptivas.

-Se estimulan a participación activa do estudante, a súa creatividade, autonomía e socialización.

Para analizar estes aspectos, a programación estará suxeita a DOUS TIPOS DE AVALIACIÓN: DE PROGRESO E FINAL.

-A AVALIACIÓN DE PROGRESO permitirá una mellor aplicación da programación, á hora de desenvolver a de aula e un axuste máis adecuado ás necesidades do alumnado. A avaliación continua da programación permite adaptala na medida do posible ás necesidades que se vaian detectando durante todo o proceso de ensino aprendizaxe.

-A AVALIACIÓN FINAL terá como obxectivo a consideración da programación dun ano escolar para o seguinte, reformulando aqueles aspectos que se consideren oportunos.

Os INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN que se utilizarán serán os seguintes:

-Reunións de coordinación que permitan una avaliación da programación co fin de adaptala ás necesidades do alumnado e facer os axustes precisos para que os obxectivos programados sexan acadados con maior éxito.

-Reunión de avaliación final que terá como obxectivo a análise do desenvolvemento da programación, reflectindo na memoria final do departamento aqueles apartados que precisan ser modificados ou reformados.

-Auto avaliación do profesorado: os modelos polos cales se auto avalía ao profesorado deberían tratar temas como: logro de los obxectivos plantexados, tratamento dos contidos, viabilidade dos criterios de avaliación, competencias básicas e suxestións de mellora.

9. Outros apartados